



CIRCULAR INFORMATIVA 2/2026

RESUMO DOS ACORDOS TOMADOS NA XUNTA DE GOBERNO DO 03.02.2026

A Xunta de Goberno, na súa última sesión do 03.02.2026, tomou os seguintes acordos:

1. **Altas, baixas e cambios no censo de colexiación.** Aprobáronse 3 novas altas (2 como exercentes e 1 como non exercente); 2 cambios de situación de non exercentes a exercentes; 1 cambio de exercente a non exercente; e 1 baixa de non exercente.
2. **Informes de honorarios.** Aprobáronse 75 informes de honorarios para taxacións de custas: 71 de materia bancaria, sobre procedementos de nulidade de condicións xerais de contratación; 3 de procedementos ordinarios sobre nulidade de compravenda; e 1 recurso de apelación dunha execución non pecuniaria. Estes 75 informes correspóndense a solicitudes dos xulgados que tiveron entrada no colexio na primeira quincena de outubro de 2025.
3. **Dilixencias de información previa.** Resolvéronse 6 expedientes de dilixencias de información previa a partir das denuncias formuladas por clientes contra os seus avogados/as. As seis queixas foron arquivadas ao non observarse ningunha infracción deontolóxica nas actuacións profesionais.
4. **IPC para o 2026 (34 %).** Tras establecerse o IPC final do 2025 no 2,9 %, aprobouse que o IPC acumulado desde o 2010 ao 2026, e que será utilizado polo colexio durante o presente ano, quedará fixado no 34 %.
5. **Escritos de colexiados/as.** Atendéronse os escritos presentados por dous colexiados/as nos que comunican cadansúa queixa en relación co Xulgado de Instrución Núm. 3 de Santiago e co Imelga. Acordouse remitir os oportunos oficios aos devanditos órganos para que aclaren o sucedido.
6. **Convenio coa USC para programar cursos do plan de microcredenciais universitarias.** Acordouse asinar un convenio co Centro de Estudos Propios da USC para a programación de cursos dentro do plan de microcredenciais universitarias específicas durante o primeiro semestre de 2026. Proximamente, informarase mediante circular dos cursos que se programen.
7. **Pagamento do 4º trimestre 2025 da quenda de oficio.** Acordouse informar os avogados e avogadas do servizo de asistencia e quenda de oficio de que o colexio xa completou na primeira quincena de xaneiro a tramitación e a presentación das correspondentes certificacións e ficheiros xml ante a Dirección Xeral de Xustiza, aínda que o seu aboamento se está atrasando debido a que aínda non se publicou no DOG o novo baremo. Dende a Comisión de AXG informáronnos de que en canto se publique o novo baremo no DOG, que estiman inminente, aboaranse as cantidades de forma inmediata. En relación con isto, o colexio tamén quere aclarar que non pode acometer o anticipo dese diñeiro, como se ten feito noutras ocasións, debido ao elevado importe do gasto xustificado, que supera os 350.000 euros.